

Dirección Xeral de Formación Profesional

Proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de Formación Profesional

Convocatoria 2026

Información xeral



Índice

1	Introdución.....	3
1.1	Novidades.....	3
2	Inscrición na proba de acceso a grao superior.....	4
2.1	Presentación da solicitude.....	4
2.1.1	Confección da solicitude.....	4
2.1.2	Centro de inscrición.....	7
2.1.3	Prazo de presentación de solicitudes.....	7
3	Estrutura e organización da proba.....	8
4	Exencións.....	9
4.1	Exención total.....	9
4.2	Exencións parciais.....	9
5	Celebración da proba de acceso a grao superior.....	10
5.1	Data e hora.....	10
5.2	Lugar.....	10
5.3	Documentación que cómpre levar e material para utilizar.....	10
6	Publicación das resolucións provisionais e definitivas. Reclamacións.....	11
7	Consulta de solicitudes.....	12
8	Certificado de realización da proba.....	13
8.1	Lugar de solicitude.....	13
8.2	Conservación da cualificación obtida nas partes superadas.....	13
8.3	Vixencia das certificacións de superación das probas que permitían o acceso a ciclos LOXSE de grao superior.....	13
8.4	Vixencia das resolucións de exencións da parte específica da proba de acceso de grao superior anteriores ao 2009.....	13
9	Resolución administrativa.....	14
9.1	Lugar e prazos de presentación de solicitudes.....	14
10	Preguntas frecuentes.....	15
10.1	Inscrición.....	15
10.2	Exencións.....	16
10.3	Cualificacións.....	17
10.4	Certificados.....	17
11	Anexos da convocatorias.....	19
11.1	Anexo VII.....	19
11.2	Anexo VIII.....	20
11.3	Anexo IX.....	21



1 Introducción

Toda a información e a documentación referente ás probas de acceso aos ciclos formativos poderá consultarse dentro da pestana "Probas" do menú da páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

Os centros educativos públicos que impartan formación profesional ofrecerán ás persoas interesadas información e orientación sobre estas ensinanzas, así como sobre o procedemento de inscrición e o desenvolvemento das probas de acceso.

Para información adicional estarán dispoñibles os servizos da Unidade de Atención a Centros, no teléfono 881 997 701, no enderezo electrónico uac@edu.xunta.gal e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/portal/uac>.

1.1 Novidades

- Todas as persoas solicitantes terán que empregar o asistente informático para a confección da solicitude para as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional.
- As persoas que posúan unha proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos teñen requisito de acceso para ciclos formativos de grao superior, non teñen que participar nas probas de acceso a ciclos formativos de grao superior, segundo o establecido no artigo 108 do Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de formación profesional.
- O Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional, establece no artigo 114.5 a exención total da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior. Para máis información poderá consultar o apartado 4.1 do presente documento.

As persoas en situación de poder obter a exención total poderán solicitar o certificado de superación das probas polo procedemento establecido na disposición adicional primeira da *Orde do 24 de febreiro de 2026 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento ED312C e ED312D)* ou poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos de grao superior, segundo corresponda, cunha cualificación de 5.00 polo grupo reservado para probas de acceso, nas condicións que se establezan no proceso de admisión. Nesta caso obterán o acceso pola opción A, B ou C da proba segundo as correspondencias establecidas nos anexos VII e VIII desta orde.

- A consulta das resolucións das probas de acceso a grao superior poderá facela a través do centro onde realizase a súa solicitude ou ben de xeito individualizado a través da aplicación Ciclosprobas.
- É moi importante conservar o impreso que xera o asistente informático ao finalizar a solicitude, xa que ademais de ser o resgardo de presentación, o código da solicitude permitirá a identificación para o acceso e a consulta individualizada de toda a información relacionada coa proba de acceso a grao superior.

2 Inscripción na proba de acceso a grao superior

2.1 Presentación da solicitude

2.1.1 Confección da solicitude


- As solicitudes deberán realizarse telematicamente empregando o asistente informático dispoñible na aplicación Ciclosprobas. O asistente facilita o proceso de crear unha solicitude de inscrición nas probas de acceso de grao superior. A aplicación xera unha instancia para imprimir que se deberá presentar nun centro de inscrición xunto coa documentación que se indique na propia instancia. En tanto que non se efectúe este trámite, non quedará feita a matrícula.
- As solicitudes presentadas por usuarios maiores de idade dos cales se dispoña de todos os seus datos e que empreguen algún sistema de autenticación serán validadas automaticamente, polo tanto non será necesario presentalas en ningún centro de inscrición.
- Para acceder ao asistente da aplicación:
 - Será posible acceder directamente escribindo o seguinte enderezo do seu navegador de Internet: <https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinalInicio.do>
 - Tamén é posible ir a Ciclosprobas premendo no texto **“Ligazón á aplicación informática”** dispoñible na páxina “Convocatoria 2026” dentro de “Acceso a grao superior” desde o menú da páxina www.edu.xunta.gal/fp/probas

Solicitude de inscrición telemática

Na seguinte ligazón pódese acceder á aplicación informática na que se dispón dun asistente para cubrir a solicitude de inscrición a ciclos formativos de grao superior. O sistema xera unha instancia para imprimir que terá que ser entregada nun centro de inscrición, acompañada da documentación que se indica na propia instancia. O centro procederá a validación dunha copia e entregará outra para a persoa solicitante a efectos de resguardo. En tanto que non se efectúe este trámite non quedará feita a matrícula.

[- Ligazón á aplicación informática](#)

- Para crear unha solicitude de probas de acceso a grao superior coa da aplicación informática Ciclosprobas dispón de dúas opcións para identificarse:
 - **“Acceso con identificación”** empregarán esta opción os usuarios que dispoñan dalgún dos seguintes sistemas de autenticación:
 - Usuarios de educación con conta edu.xunta.gal.
 - Chave365.
 - Usuarios con conta xunta.gal.
 - DNI electrónico.
 - Certificado dixital.



Cando se escolla esta opción deberá seleccionar o sistema de identificación que corresponda tal como indican as seguintes imaxes:





Identifíquese

Usuario de educación

Conta de usuario (sen @edu.xunta.gal)

Contrasinal

Entrar

Identifíquese

Chave365

NIF

Contrasinal

Entrar

Identifíquese

Usuario Xunta

Conta de Directorio Activo Amtega (sen @xunta.gal)

Contrasinal

Entrar

Ou entre con certificado dixital

Entrar

- Se non dispón de ningún sistema de autenticación de usuario debe utilizar a opción **"Outros accesos"** a través da cal se lle solicitará que introduza o seu DNI/NIE (todo xunto e coa letra en maiúscula) e un enderezo electrónico. No caso de que o seu correo estea dado de alta na base de datos, pero non coincida o enderezo electrónico co xa rexistrado aparecerá un aviso na parte superior da pantalla. Poderá continuar coa solicitude pulsando no enlace.

CiclosProbas

Inicio

Inicio

Benvidos a Ciclosprobas

Ciclosprobas é unha aplicación desenvolvida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para xestionar a inscrición ás probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional específica.

Dispón das seguintes opcións para crear unha solicitude para probas de acceso tanto para grao superior como para grao medio a través da aplicación:

- Acceso con identificación: esta opción poderá empregarse cando a persoa solicitante dispoña de conta edu.xunta.gal, Chave365, conta xunta.gal, DNI electrónico ou certificado dixital.
- **Outros accesos**: esta opción deberá empregarse cando a persoa solicitante non dispoña dos sistemas de autenticación indicados na opción anterior. Neste caso debe introducir o seu DNI/NIE (todo xunto coa letra en maiúscula) e un enderezo electrónico.

As ligazóns estarán activas durante os períodos establecidos para o proceso de presentación de solicitudes ás probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e grao superior.

[Consultar solicitudes do ano actual](#)

[Ver código persoal de consulta](#)

[Outros accesos](#)

[Acceso con identificación](#)

[Reimpresión dunha solicitude feita anteriormente](#)



2.1.2 Centro de inscrición

Considérase centro de inscrición calquera centro público dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional con oferta de formación profesional.

Recoméndase usar como centro de inscrición o máis próximo ao domicilio habitual, posto que calquera outro trámite posterior á inscrición (por exemplo, consulta de listaxes de proba adaptada, presentación de reclamacións, etc.) deberá realizarse exclusivamente no centro de inscrición elixido. Ademais, a sede de exame que se lle asigne será un centro próximo ao devandito centro de inscrición.

2.1.3 Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes é do 16 ao 26 de marzo de 2026, ámbolos dous incluídos.



3 Estrutura e organización da proba

A proba de acceso a grao superior organízase consonte o seguinte:

Grao superior	
▪ Parte común	Inclúe tres probas: – Lingua galega. – Lingua castelá. – Matemáticas.
▪ Parte específica	Organízase en tres opcións (A, B e C): – Opción A: Economía da empresa, Lingua estranxeira (inglés ou francés) e Filosofía. – Opción B: Debuxo técnico, Tecnoloxía industrial e Física. – Opción C: Ciencias da terra e ambientais, Química e Bioloxía.

Respecto a parte específica da proba, na solicitude elixírase unha única opción (A, B ou C) e, dentro da opción elixida, escóllense soamente dúas materias.

4 Exencións

4.1 Exención total

Poderán quedar exentas da totalidade da proba de acceso a grao superior as persoas que acrediten calquera das seguintes circunstancias:

Exención total
▪ Estar en posesión dun Grado C de nivel 3 de formación profesional.*
▪ Contar con acreditación de competencias profesionais que supoñan, polo menos un 30 % dos estándares de competencia incluídos no ciclo formativo, mediante o procedemento previsto de recoñecemento de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou outras vías.

* Aquelas persoas que necesiten o certificado de superación das probas de acceso a ciclos formativos de grao superior poderán solicitalo mediante o proceso de resolución administrativa nos prazos establecidos.

O resto poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos de grao superior presentando directamente o certificado acreditativo na secretaría do centro correspondente, nas condicións que se indiquen na normativa do proceso de admisión.

4.2 Exencións parciais

A solicitude de exención parcial da proba deberase formular no momento da inscrición. A persoa solicitante non poderá examinarse da parte ou das partes da proba para as que se lle conceda a exención nesta convocatoria.

Ademais das circunstancias especiais incluídas na seguinte táboa, poderase solicitar a exención dunha parte da proba no caso de que xa fose recoñecida a devandita exención nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia.

Exención parcial (acreditando calquera das seguintes circunstancias)	
▪ Ter recoñecida a exención da parte común nunha convocatoria anterior de probas de acceso a grao superior en Galicia. ▪ Ter superada a proba de acceso a outros ciclos formativos de grao superior de formación profesional non incluídos na opción pola que se presenta, consonte o anexo VII da convocatoria (reproducido ao final deste documento). ▪ Ter superada unha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanza deportiva ou de artes plásticas e deseño.	▪ Exención da parte común
▪ Ter recoñecida a exención da parte específica, na mesma opción, nunha convocatoria anterior de probas de acceso a grao superior en Galicia. ▪ Dispor dun título de técnico auxiliar da Lei 14/1970, do 4 de agosto. Ter á exención de acordo coa correspondencia do título coas familias profesionais segundo a opción da proba, consonte os anexos VIII e IX da convocatoria (reproducidos ao final deste documento). ▪ Dispor dun certificado de profesionalidade de nivel 2 ou superior, consonte os anexos VIII e IX da convocatoria (reproducidos ao final deste documento). ▪ Ter recoñecida a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento segundo o Real Decreto 971/2007, do 13 de xullo (no caso de se presentar pola opción C). ▪ Dispor dun título de técnico deportivo (no caso de se presentar pola opción C). ▪ Ter experiencia laboral equivalente a, como mínimo, un ano en xornada completa de xeito que exista correspondencia entre as actividades profesionais desenvolvidas e as unidades de competencia dalgunha cualificación de nivel 2 ou superior da opción pola que se presenta, consonte os anexos VIII e IX da convocatoria (reproducidos ao final deste documento).	▪ Exención da parte específica



5 Celebración da proba de acceso a grao superior

5.1 Data e hora

A proba realizarase o 29 de abril de 2026, no seguinte horario:

- Presentación: ás 9:00 horas.
- Parte común da proba:
 - Das 09:30 ás 13:00 horas (Matemáticas, Lingua galega e Lingua castelá).
- Parte específica da proba:
 - Das 16:00 horas ás 18:30 horas (materias específicas da opción escollida).

5.2 Lugar

O día 22 de abril farase público o lugar ou os lugares onde se realizarán as probas. Esta listaxe publicarase nos centros de inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

A sede de realización da proba determínase en función do centro de inscrición empregado e, en principio, tratarase dalgún centro público próximo a este. Daquela, recoméndase usar como centro de inscrición un próximo ao domicilio habitual.

5.3 Documentación que cómpre levar e material para utilizar

O día da proba cómpre levar o documento oficial de identidade e a copia selada da folla da solicitude de inscrición.

Poderanse utilizar os seguintes materiais:

- Bolígrafos de tinta negra ou azul (ningunha outra cor).
- Calculadora científica, agás que sexa programable, gráfica ou con capacidade para almacenar e transmitir datos. Soamente se pode empregar nas probas de Matemáticas, Física, Tecnoloxía industrial, Química e Economía da empresa.
- Lapis, compás, regra, escuadro e cartabón, en Debuxo técnico.

Non se admitirá ningún aparello capaz de recibir, transmitir nin almacenar información, como, por exemplo, teléfonos móbiles ou reloxos intelixentes.

O tribunal dará as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas. Non seguílas será causa de exclusión.



6 Publicación das resolucións provisionais e definitivas. Reclamacións

As resolucións provisionais e definitivas relacionadas co procedemento poderanse consultar no centro de inscrición onde presentou a solicitude, ou ben de xeito individualizado a través da aplicación Ciclosprobas.

Contra as resolucións provisionais de solicitudes, de exencións, de proba adaptada e de cualificacións, as persoas interesadas poderán presentar reclamación no centro de inscrición.

Durante o período de reclamacións (do 7 ao 10 de abril ámbolos dous incluídos) contra as resolucións provisionais de solicitudes admitidas e excluídas, poderase achegar a documentación pendente de entrega do solicitado na folla de inscrición.

As resolucións relacionadas coas probas adaptadas poderanse consultar de xeito individualizado a través da aplicación Ciclosprobas ou ben na secretaría do centro de inscrición, non se publicarán en ningún outro sitio.

7 Consulta de solicitudes

Para consultar o estado da solicitude presentada na convocatoria 2026 de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior a través da aplicación Ciclosprobas dispón de dúas opcións:

- Todas as persoas solicitantes (con ou sen usuario) deberán escoller a opción "Consultar solicitudes do ano actual" a través da cal se lle solicitará o número de documento de identificación (DNI, NIE ou pasaporte, sempre coas letras en maiúscula) empregado no proceso de inscrición das probas de acceso a grao superior e o código de solicitude (código alfanumérico que aparece na marxe dereita do impreso de solicitude, debaixo do código de barras) e premer en "Buscar":

Consultar solicitudes do ano actual

Ver código persoal de consulta

Outros accesos

Acceso con identificación

Reimpresión dunha solicitude feita anteriormente

Consulta solicitude

Filtros

DOI/DNI

Código de Solicitude

Buscar

- Aqueles usuarios que dispoñan dun sistema de autenticación (conta edu.xunta.gal, Chave 365, conta xunta.gal, DNI electrónico ou certificado dixital) poderán realizar a consulta do estado da solicitude presentada. Deberán entrar na aplicación co seu usuario e ir ao apartado **2. Solicitantes** **2.1. Solicitudes.**

CiclosProbas

1 Inicio

2 Solicitantes

2.1 Solicitudes

- En tódolos casos aparecerá unha pantalla coa seguinte información:

Solicitudes feitas no ano actual

Convocatoria: Centro: Teléfono:

Datos persoais

DNI/NIE/...

Nome

Código de consulta persoal

Listaxe solicitudes

Código	Convocatoria	Tipo	Estado	Data solicitude	Data entrega	Data validación	Centro	Opción	Opcións
--------	--------------	------	--------	-----------------	--------------	-----------------	--------	--------	---------



8 Certificado de realización da proba

Na certificación constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das súas partes.

No caso de superación da proba, a devandita certificación incluírá a relación de familias profesionais ás que se poderá acceder nas condicións de admisión que se establezan.

8.1 Lugar de solicitude

Os certificados de probas de acceso, tanto da convocatoria deste ano como de convocatorias anteriores (desde o ano 2004), poderán solicitarse en calquera centro público con oferta de formación profesional.

Os certificados das probas anteriores a 2004 deberán solicitarse no centro educativo no que se realizara a proba.

8.2 Conservación da cualificación obtida nas partes superadas

Para quen realizara a proba na comunidade autónoma de Galicia e non a superara na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco durante un máximo de dous anos nas probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia.

8.3 Vixencia das certificacións de superación das probas que permitían o acceso a ciclos LOXSE de grao superior

A certificación de ter superada a proba de acceso a un determinado ciclo formativo de grao superior consonte a Orde do 1 de abril de 2002 manterá a súa vixencia ata a extinción do título correspondente establecido pola Lei orgánica 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo. Logo de extinguido o título anterior, a devandita certificación ha permitir o acceso aos ciclos formativos declarados equivalentes para os efectos académicos, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo se estableza nos reais decretos dos títulos correspondentes.

8.4 Vixencia das resolucións de exencións da parte específica da proba de acceso de grao superior anteriores ao 2009

Quen teña recoñecida a exención da parte específica da proba de grao superior ao abeiro da Orde do 1 de abril de 2002, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica, modificada pola do 30 de xaneiro de 2007, poderaa presentar en futuras convocatorias, mantendo a súa validez, sempre que a opción elixida, A, B ou C, inclúa o ciclo para o que se concedese a devandita exención.



9 Resolución administrativa

As persoas que nas convocatorias de 2024, 2025 e 2026 superaran parcialmente unha proba de acceso a ciclos formativos na comunidade autónoma de Galicia e estean en condicións, logo de finalizado o proceso, de acreditar nas partes non superadas algunha das causas de exención parcial recollidas no punto 4.2 deste documento poderán solicitar a certificación de superación da proba por resolución administrativa.

9.1 Lugar e prazos de presentación de solicitudes

Poderanse presentar en calquera dos centros dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional onde se impartan ciclos formativos de formación profesional.

O prazo para solicitar a superación da proba por resolución administrativa é do 8 de xuño ata ao 30 de setembro de 2026.



10 Preguntas frecuentes

10.1 Inscripción

As persoas que teñan superada unha proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos poden inscribirse na proba de acceso?

Non é necesario, estas persoas segundo o artigo 108 do Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de formación profesional, teñen un requisito de acceso para participar no proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior nos prazos establecidos para a admisión.

As persoas que teñan superada a proba de acceso para maiores de 45 anos teñen acceso a ciclos formativos?

Non; deberán presentarse á proba de acceso a ciclos formativos, en caso de non ter outro requisito de acceso válido a ciclos formativos de grao superior.

No caso de ter un título de técnico de grao medio, pódese presentar á proba de acceso?

Non. Quen acredite estar en posesión dun título de técnico de formación profesional terá acceso aos ciclos de grao superior de formación profesional, nas condicións de admisión establecidas nos artigos 12 e 13 da Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

Se son aspirante estranxeiro/a, que documento de identidade debo usar?

O documento correcto é a tarxeta do NIE (número de identificación de estranxeiros). Na súa ausencia, excepcionalmente, pódese usar o pasaporte ou, no caso de cidadáns ou cidadás da Unión Europea, o documento oficial de identidade do seu país.

Que fago se non podo presentar a solicitude por min mesmo/a? (actuación a través de representante)

Se vai presentar a solicitude a través de representante, cómpre acreditar a representación por calquera medio válido en Dereito.

En particular, sería válida unha autorización asinada pola persoa solicitante a favor da persoa representante.

Para redactar esta autorización, recoméndase:

- Identificar claramente a persoa solicitante con nome e apelidos e número de documento de identificación.
- Incluír, dentro do propio documento de autorización, imaxe do DNI da persoa solicitante.
- Indicar que autoriza a esa persoa (identificada con nome, apelidos e DNI) para representalo/a para os efectos de tramitar a súa solicitude de inscrición na proba de acceso a ciclos formativos.
- Imprimir a autorización.
- Que a persoa solicitante asine a autorización e lla entregue á persoa representante para que a achegue coa solicitude. Non se admitirá unha autorización escanada, senón que cómpre achegar autorización con sinatura orixinal.



Logo de confeccionada a representación, a solicitude que se leva ao centro de inscrición debe ir asinada xa pola persoa representante, non pola persoa solicitante.

Non esqueza conservar unha copia da solicitude validada polo centro de inscrición porque a ten que levar o día de celebración da proba xunto co seu documento de identidade.

10.2 Exencións

É posible solicitar a exención en lingua galega ou noutras materias superadas na ESO?

Non, só é posible solicitar a exención dalgunha das partes da proba (parte común ou parte específica), pero non dunha materia en concreto.

Unha titulación de FP1 (título de técnico auxiliar) equivale a un ciclo formativo de grao medio?

Non; neste caso deberá presentarse á proba de acceso a ciclo superior. O título de técnico auxiliar é equivalente para os efectos profesionais ao correspondente título de técnico, e ao título de ESO para os efectos académicos.

Non obstante, un título de FP1 pode dar lugar á exención da parte específica da proba (A, B ou C) sempre que esa titulación se corresponda con algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, consonte os anexos VIII e IX da convocatoria.

Que documentación cómpre presentar no caso de persoas traballadoras por conta allea que soliciten a exención da parte específica por experiencia laboral?

- Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou a equivalente da mutualidade laboral que corresponda, onde conste a empresa e o período de contratación.
- Certificación, segundo o modelo do anexo X da convocatoria, da empresa ou das empresas onde se adquirise a experiencia laboral relacionada cunha familia profesional ou cualificación profesional que outorgue a exención da parte específica elixida de acordo cos anexos VIII e IX da orde.

Que documentación cómpre presentar no caso de persoas traballadoras por conta propia que soliciten a exención da parte específica por experiencia laboral?

- Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social do período de cotización no réxime especial de persoas traballadoras autónomas ou a equivalente da mutualidade laboral en que se estivese afiliado/a.
- Memoria, segundo o modelo do anexo X, realizada e asinada pola persoa interesada, descritiva das actividades desenvolvidas durante o exercicio profesional relacionadas cunha familia profesional ou cualificación profesional que outorgue a exención da parte específica elixida de acordo con anexos VIII e IX da orde.

Que ten que figurar na certificación da empresa ou empresas (anexo X da orde)?

É importante pór especial atención á hora de cubrir a certificación.

Habrá que entregar tantos exemplares do anexo X como actividades distintas se desenvolveran en cada empresa. Para cada actividade debe especificarse:

- Descrición das tarefas desenvolvidas en cada actividade.
- Porcentaxe da xornada anual dedicada a cada actividade.
- Máquinas, equipamentos e ferramentas que se empregaran, e grao de destreza no seu manexo.



- Materiais utilizados para o traballo.
- Información manexada (planos, esquemas, información telemática, instrucións diarias, etc.).
- Sinatura da persoa que certifica e selo da empresa ou entidade.

10.3 Cualificacións

Como se calcula a nota da proba de acceso?

A cualificación de cada parte da proba (común e específica) será numérica, entre cero e dez puntos.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4,00 puntos en cada parte (común ou específica) e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais. Será positiva a cualificación de 5,00 puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como "Non apto/a".

Para calcular a media da nota de cada parte non é preciso ter unha nota mínima nas materias que constitúen esa parte.

A que nota numérica equivale a certificación onde conste unha cualificación de "Apto/a"?

A normativa vixente establece que as persoas que posúan certificacións onde conste só "Apto/a", sen nota numérica, participarán no proceso de admisión a ciclos formativos cunha cualificación de 5,00.

No caso de gozar de exención nalgunha das partes da proba ou na totalidade, como se calcula a nota da proba de acceso?

Para os efectos de cálculo da nota final da proba de acceso non se terán en conta as partes da proba das que a persoa participante fose declarada exenta. Así mesmo, no caso de exención de todas as partes da proba, a cualificación final expresarase como "exento/a". Para os efectos de admisión en ciclos formativos, a exención total da proba equivalerá a unha cualificación de 5,00 puntos.

Exemplos de cálculo de nota			
Nota da parte común	Nota da parte específica	Nota media	Nota final
6,00	7,00	6,50	6,50
4,00	5,00	4,50	Non apto/a
4,50	7,00	5,75	5,75
3,00	8,00	--	Non apto/a
Exención	7,00	7,00	7,00
4,00	Exención	4,00	Non apto/a
Exención	Exención	5,00	5,00

10.4 Certificados

Pode perder validez a certificación de superación da proba de acceso?

Non; a superación da **totalidade** da proba ten validez indefinida.



Se tras presentarme a varias convocatorias teño certificados de superación das probas por máis dunha opción (A, B ou C), podo usar calquera deles?

No proceso de admisión, para unha mesma oferta, modalidade e grao non se poden solicitar ciclos formativos diferentes aos que posibilita a opción da parte específica da proba escollida (A, B e C). É dicir, non pode empregar un certificado de superación da proba de acceso dunha opción para familias profesionais doutra opción.

Si que se poden combinar diferentes opcións de acceso (distintos certificados) cando se presentan solicitudes para diferentes ofertas, modalidades e graos.

11 Anexos da convocatorias

11.1 Anexo VII

Familias profesionais e ciclos formativos aos que se pode acceder segundo a opción da parte específica da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior.

Proba de acceso superada	Familias profesionais e ciclos formativos aos que dá acceso
Opción A	▪ Administración e Xestión.
	▪ Comercio e Márketing.
	▪ Hostalaría e Turismo.
	▪ Servizos Socioculturais e á Comunidade.
	▪ Ciclo superior de Produción de Audiovisuais e Espectáculos (da familia profesional de Imaxe e Son).
Opción B	▪ Artes Gráficas.
	▪ Edificación e Obra Civil.
	▪ Electricidade e Electrónica.
	▪ Enerxía e Auga.
	▪ Fabricación Mecánica.
	▪ Industrias Extractivas.
	▪ Informática e Comunicaciós.
	▪ Instalación e Mantemento.
	▪ Imaxe e Son (agás o ciclo superior de Produción de Audiovisuais e Espectáculos).
	▪ Madeira, Moble e Cortiza.
	▪ Marítimo-pesqueira (agás o ciclo superior de Acuicultura).
	▪ Transporte e Mantemento de Vehículos.
	▪ Téxtil, Confección e pel.
	▪ Vidro e Cerámica.
Opción C	▪ Agraria.
	▪ Actividades Físicas e Deportivas.
	▪ Imaxe Persoal.
	▪ Industrias Alimentarias.
	▪ Ciclo superior de Acuicultura (da familia profesional de Marítimo-pesqueira).
	▪ Química.
	▪ Seguridade e Ambiente.
	▪ Sanidade.



11.2 Anexo VIII

Exención da parte específica da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior segundo as familias profesionais nas que se acredite unha cualificación profesional de nivel dous ou superior.

Familias profesionais	Exención da parte específica da proba
▪ Actividades Físicas e Deportivas.	Opción C
▪ Administración e Xestión.	Opción A
▪ Agraria.	Opción C
▪ Artes Gráficas.	Opción B
▪ Comercio e Márketing.	Opción A
▪ Edificación e Obra Civil.	Opción B
▪ Electricidade e Electrónica.	Opción B
▪ Enerxía e Auga.	Opción B
▪ Fabricación Mecánica.	Opción B
▪ Hostalería e Turismo.	Opción A
▪ Imaxe Persoal.	Opción C
▪ Industrias Alimentarias.	Opción C
▪ Industrias Extractivas.	Opción B
▪ Informática e Comunicacóns.	Opción B
▪ Instalación e Mantemento.	Opción B
▪ Madeira, Moble e Cortiza.	Opción B
▪ Química.	Opción C
▪ Sanidade.	Opción C
▪ Seguridade e Ambiente.	Opción C
▪ Servizos Socioculturais e á Comunidade.	Opción A
▪ Têxtil, Confección e pel.	Opción B
▪ Transporte e Mantemento de Vehículos.	Opción B
▪ Vidro e Cerámica.	Opción B

11.3 Anexo IX

Exención da parte específica da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior segundo as cualificacións profesionais de nivel dous ou superior que se acrediten.

Familias profesionais	Cualificacións profesionais	Exención da parte específica da proba
Imaxe e Son	IMS074_3 Asistencia á produción en televisión. IMS221_3 Asistencia á produción cinematográfica e de obras audiovisuais. IMS437_3 Asistencia á produción de espectáculos en vivo e eventos.	Opción A
	IMS434_2 Animación musical e visual en vivo e en directo. IMS435_2 Operacións de produción de laboratorio de imaxe. IMS436_2 Operacións de son. IMS075_3 Luminotecnia para o espectáculo en vivo. IMS076_3 Animación 2D e 3D. IMS077_3 Asistencia á realización en televisión. IMS220_3 Asistencia á dirección cinematográfica e de obras audiovisuais. IMS294_3 Cámara de cine, vídeo e televisión. IMS295_3 Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos. IMS296_3 Montaxe e posprodución de audiovisuais. IMS438_3 Desenvolvemento de proxectos e control de son en audiovisuais, radio e industria discográfica. IMS439_3 Desenvolvemento de proxectos e control de son en vivo e en instalacións fixas. IMS440_3 Produción en laboratorio de imaxe. IMS441_3 Produción fotográfica. IMS442_3 Rexedoría de espectáculos en vivo e eventos. IMS746_3 Audiodescripción de obras e espazos de contido audiovisual.	Opción B
Marítimo-Pesqueira	MAP005_2 Confección e mantemento de artes e aparellos. MAP006_2 Manipulación e conservación en pesca e acuicultura. MAP009_2 Operacións con equipos de mergullo, en instalacións de subministro e cámaras hiperbáricas. MAP010_2 Operacións subacuáticas de corte e soldadura, reparación en obra viva e reflatamento. MAP011_2 Operacións subacuáticas de obra hidráulica e voadura. MAP170_2 Operacións en transporte marítimo e pesca de baixura. MAP171_2 Navegación en augas interiores e próximas á costa. MAP231_2 Pesca local. MAP495_2 Mantemento de instalacións en acuicultura. MAP496_2 Operacións subacuáticas de salvamento e rescate. MAP573_2 Mantemento dos equipamentos dun parque de pesca e da instalación frigorífica. MAP574_2 Operacións de bombeo para carga e descarga en buques. MAP575_2 Operacións de coordinación en cuberta e parque de pesca. MAP591_2 Navegación e pesca marítima. MAP592_2 Operacións de control do funcionamento e mantemento da planta propulsora, máquinas e equipamentos auxiliares do buque. MAP593_2 Operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo. MAP619_2 Goberno de embarcacións e motos náuticas destinadas ao socorrismo acuático. MAP234_3 Navegación, transporte marítimo e actividades pesqueiras. MAP497_3 Inspección, localización e ensaios non destrutivos en ambientes hiperbáricos. MAP498_3 Intervencións subacuáticas no patrimonio natural e cultural somerxido. MAP499_3 Supervisión de operacións en complexos e sistemas hiperbáricos. MAP576_3 Documentación pesqueira. MAP577_3 Observación da actividade e control das capturas dun buque pesqueiro. MAP594_3 Control do funcionamento e supervisión do mantemento da planta	Opción B



	propulsora, máquinas e equipamentos auxiliares do buque.	
Familias profesionais	Cualificacións profesionais	Exención da parte específica da proba
Marítimo- Pesqueira	MAP007_2 Producción de alimento vivo. MAP008_2 Engorda de peixes, crustáceos e cefalópodos. MAP100_2 Engorda de moluscos bivalvos. MAP101_2 Producción en criadeiro de acuicultura. MAP102_3 Organización de lonxas. MAP232_3 Xestión da produción de criadeiro en acuicultura. MAP233_3 Xestión da produción de engorda en acuicultura.	Opción C